

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA.
CURSO 2021/2022

CENTRO: IES ALFOZ-VALADOURO
CURSO: 2021-22
MATERIA: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º, 3º e 4º ESO
DEPARTAMENTO: CIENCIAS NATURAIS
DATA: 29/04/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación	
3º Avaliación	<p>Cálculo da nota da 3ª avaliación: a nota da 3ª avaliación calcularase do mesmo xeito que se fixo nas dúas avaliacións anteriores e como se reflexa na programación didáctica, é dicir:</p> $\boxed{\text{Media ponderada}} = 0,7 \cdot \boxed{\text{Media das probas escritas}} + 0,1 \cdot \boxed{\text{Nota do traballo}} + 0,2 \cdot \boxed{\text{Media do caderno, deberes, comportamento e prácticas de laboratorio}}$ <p>Procedemento de recuperación da 3ª avaliación: ao igual que nas outras dúas avaliacións, o alumnado que non supere a 3ª avaliación, terá opción (proba independente da avaliación extraordinaria).</p>
Cualificación final	<p>Cálculo para obter a cualificación final de curso: A cualificación final obterase calculando a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando a nota de cada avaliación sexa 5 ou superior.</p> <p>O alumnado que non teña algunha avaliación superada, deberá realizar unha proba extraordinaria. Os que teñan unha avaliación pendente, examinaranse soamente desa parte e os que teñan dúas ou máis avaliacións suspensas, examinaranse da materia de todo o curso.</p> <p>Esta proba realizarase tendo en conta os estándares de aprendizaxe que teñan un grao mínimo de consecución do 100%.</p> <p>Esta proba escrita puntuarase sobre 10 puntos e para ter superada esta avaliación extraordinaria, o alumno deberá ter un 5 no exame.</p> <p>Se a nota obtida na proba oscila entre 5 e 7 terá unha cualificación de 5. Se a nota está comprendida entre 7 e 9 o alumnado terá unha cualificación de 6. Se a nota acadada é maior a 9 o alumno obterá unha cualificación de 7.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Como se recolle na programación didáctica, para a recuperación de materias pendentes levarase un plan específico que consistirá no seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <u>Entrega de actividades (de avaliación) das unidades didácticas que se corresponden co curso pendente.</u> - <u>Proba escrita</u> en xuño para todo o alumnado que non entregue os boletíns de actividades ou ténndoos entregados non acaden unha avaliación positiva. <p>A cualificación da materia pendente corresponderase con:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entregar todas as actividades coa periodicidade indicada en cada caso (mensual, trimestralmente...) - Superar a proba específica (xuño) para todos os que non superen o proceso de recuperación durante o curso que consistirá na entrega de boletíns de actividades.

2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)	
Metodoloxía, actividades tipo, materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> ➤ O alumnado que aprobou as tres avaliacións realizará actividades de ampliación, que consistirán en actividades relacionados cos contidos vistos ao longo do curso e que fomenten a autonomía e pensamento crítico dos rapaces sobre temas de índole científica. Algúns exemplos son: documentais e vídeos con posterior reflexión, prácticas de laboratorio, pequenas investigacións e proxectos, etc. ➤ O alumnado que suspendera unha ou varias avaliacións realizará unha serie de actividades acordes ás súas necesidades específicas (“PLAN DE RECUPERACIÓN”), que consiste na realización de actividades de repaso e reforzo sobre os contidos propios do curso. Estas actividades divídense en tres bloques, cada un correspondente a unha avaliación.